



---

3. **Completa o cadro con nomes individuais ou colectivos segundo corresponda.**

	Carballeira
Barco	
	Arquipélago
Dente	
	Orquestra
Abella	

4. **Atopa dous determinantes de cada tipo no seguinte texto:**

Este verán paseino de marabilla. Fixen moitas cousas como: viaxar ao país no que naceu a miña avoa, bañarme en dez praias distintas,... ata vin un golfiño!  
Que ben o pasei!

Tamén trouxen algúns recordos. Para o teu irmán trouxen esa mesma camiseta en vermello. Pero desgraciadamente perdín unha cousa que mercara para min. Xa é a segunda vez que me pasa. Que cabeza!

ARTIGOS	DEMOSTRATIVOS	POSESIVOS

NUMERAIS	INDEFINIDOS	INTERROGATIVOS OU EXCLAMATIVOS

**5. Escribe de novo as seguintes oracións facendo as contraccións necesarias:**

Xoguei en o parque con a túa irmá.

---

Fixen o debuxo de unha paisaxe.

---

Apareceu por a porta con unha bolsa chea de doces.

---

Esquecín a chaqueta en o armario de a entrada.

---

Cociñei unhas croquetas con as sobras de o caldo.

---

**6. Completa os ocos con adxectivos axeitados:**

Era unha ..... tarde de verán.

Estaba moi ..... despois de xogar ao fútbol toda a mañá.

Déronlle unha ..... noticia.

A comida está demasiado ..... para o meu gusto.